




EXPOSICIÓN TEMPORAL
10/12/2025 - 25/01/2026

Arte prerrománica en Ourense

Casa de Galicia en Madrid
C. de Casado del Alisal, 8, Retiro, 28014 Madrid



XUNTA
DE GALICIA

CASA DE
GALICIA
EN MADRID

musarqourense
museo arqueológico provincial de Ourense





Altar de San Pedro de Rocas

Arte prerrománica en Ourense

A través da colección do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense podemos facer un percorrido polas diferentes culturas e pobos que ocuparon o territorio da actual provincia de Ourense ao longo da súa historia. Dentro da variedade de fondos, unha das series máis significativas do museo é a da arte prerrománica.

Con este nome coñecemos o conxunto de manifestacións artísticas que se desenvolveron na Europa occidental dende a desintegración do Imperio Romano ata o século XI. Trátase dun movemento diverso estilisticamente no que se desenvolven correntes como a arte visigoda, a arte asturiana ou finalmente a mozárabe ou arte de repoboación. A esta periodización Galicia engade unha etapa inexistente no resto do período español, a sueva. Estes van ser os estilos característicos deste período en España, no que perduran elementos de tradición romana (en moitas ocasións reutilizados) que conviven con novas formulacións provenientes de influencias bizantinas, visigodas, islámicas ou por suposto as autóctonas.

A través de la colección del Museo Arqueológico Provincial de Ourense podemos hacer un recorrido por las diferentes culturas y pueblos que ocuparon el territorio de la actual provincia de Ourense a lo largo de su historia. Dentro de la variedad de fondos, una de las series más significativas del museo es la del arte prerrománico.

Con este nombre conocemos el conjunto de manifestaciones artísticas que se desarrollaron en la Europa occidental desde la desintegración del Imperio Romano hasta el siglo XI. Se trata de un movimiento diverso estilísticamente en el que se desarrollan corrientes como el arte visigodo, el arte asturiano o finalmente el mozárabe o arte de repoblación. A esta periodización Galicia añade una etapa inexistente en el resto del período español, la sueva. Estos van a ser los estilos característicos de este período en España, en el que perduran elementos de tradición romana (en muchas ocasiones reutilizados) que conviven con nuevos planteamientos provenientes de influencias bizantinas, visigodas, islámicas o por supuesto autóctonas.



Placa decorativa de Santo Adrián de Amiadozo
Placa decorativa de San Adrián de Amiadozo

Riqueza de influencias que desvelan unha época non tan escura sobre a que a arqueoloxía, especialmente a da arquitectura, achega hoxe luz e abre novos debates para a historia da arte.

É tamén nestes séculos cando Galicia modela os seus riscos esenciais. O tempo medieval legou a Galicia a dimensión territorial da Galicia actual, a formación da súa lingua románica e a experiencia histórica de comunidade política diferenciada.

É neste ambiente no que se crean bens singulares de diversas procedencias, testemuños de formas construtivas e decorativas, que teñen en común documentar a existencia de numerosos monumentos da época prerrománica, relacionados co que se definiu como arte asturiana ou mozárabe, e nalgúns casos orixinarios do que se deu en chamar Ribeira Sacra.

Riqueza de influencias que desvelan una época no tan oscura sobre la que la arqueología, especialmente la de la arquitectura, acerca hoy luz y abre nuevos debates para la historia del arte.

Es también en estos siglos cuando Galicia modela sus rasgos esenciales. El tiempo medieval legó a Galicia la dimensión territorial de la Galicia actual, la formación de su lengua románica y la experiencia histórica de comunidad política diferenciada.

Es en este ambiente en el que se crean bienes singulares de diversos orígenes, testimonios de formas constructivas y decorativas, que tienen en común documentar la existencia de numerosos monumentos de época prerrománica, relacionados con lo que se definió como arte asturiano o mozárabe, y en algunos casos originarios de lo que se dio en llamar Ribeira Sacra.



Ara de Suatorre de Ambía



*Relevo da epifanía de
San Xoán de Camba*

*Relieve de la epifanía de
San Juan de Camba*

Esta paisaxe cultural é protagonista da primeira referencia cun mosteiro senlleiro dentro do monacato medieval galego, San Pedro de Rocas. A súa relevancia comeza na súa localización cunha contorna moi particular que se impuxo na súa propia denominación, ademais da súa condición de santuario rupestre, único en Galicia. Trátase, probablemente, dunha das primeiras comunidades monásticas da Península Ibérica, expoñente da organización da vida cristiá en núcleos rurais relacionada coa figura de San Martiño de Braga. A lápida fundacional do ano 573, xunto coa ara ou altar e as criptas labradas na rocha, testifican este momento.

Este paisaje cultural es protagonista de la primera referencia con un monasterio singular dentro del monacato medieval gallego, San Pedro de Rocas. Su relevancia comienza en su localización, dentro de un entorno muy particular que se impuso en su propia denominación, además de su condición de santuario rupestre, único en Galicia. Se trata, probablemente, de una de las primeras comunidades monásticas de la Península Ibérica, exponente de la organización de la vida cristiana en núcleos rurales relacionada con la figura de San Martiño de Braga. La lápida fundacional del año 573, junto con la ara o altar y las criptas labradas en la roca, testifican este momento.

Tradicionalmente considerada como erixida no século VII, a igrexa de Santa Comba de Bande responde a un esquema de igrexa visigótica: planta de cruz grega, bóvedas de cañón e construción con grandes perpiaños, xeralmente reaproveitados de época romana ao igual que outros elementos nobres conservados no interior. As datacións absolutas máis recentes sitúan a súa construción a mediados do século VIII, evidenciando a perduración do estilo máis alá da invasión árabe de 711, por outra parte, en consonancia coa revisión cronolóxica que están ofrecendo este tipo de igrexas.

Tradicionalmente considerada como erigida en el siglo VII, la iglesia de Santa Comba de Bande responde a un esquema de iglesia visigótica: planta de cruz griega, bóvedas de cañón y construcción con grandes sillares, generalmente reaprovechados de época romana al igual que otros elementos nobres conservados en su interior. Las dataciones absolutas más recientes sitúan su construcción a mediados del siglo VIII, evidenciando la perduración del estilo más allá de la invasión árabe de 711, por otra parte, en consonancia con la revisión cronológica que están ofreciendo este tipo de iglesias.



*Ventá de Santa Catarina
de Reza Vella*

*Ventana de Santa Catalina
de Reza Vella*

A herdanza xermánica está presente na igrexa de San Xes de Francelos. A análise dos restos conservados induce a pensar nun edificio con correspondencia de elementos da arte asturiana avanzada, finais do século IX, non exenta de certa tradición visigoda. A labra e a estética son claramente asturianas e a aparición de motivos de tipo mozárabe débese a influencia exercida por este estilo no asturiano final.

Podríamos falar dunha arquitectura de fusión, na que están presentes a tradición, as influencias externas e a autonomía creativa. De aí a súa difícil clasificación. Santa Eufemia de Ambía, Santa María de Mixós ou Santo Adrián de Amiadoso pertencen a este grupo.

Así, os relevos votivos e restos constructivos de Amiadoso, probablemente do século IX, conviven cun fermoso bloque decorativo marmóreo, un dos mellores exemplares da plástica romana en Galicia datado no século IV. Nesta época recórrese á calidade do material para re-empregalo na cara contraria, coa representación dunha escena de complexa identificación pero que anuncia, a pesar da rudeza das súas figuras, a superación da talla en bisel anterior, nunha evolución que se verá confirmada, coa dificultade que a materia prima propón, nos relevos de San Xoán de Camba, executados cun volume xa decididamente separados do plano do fondo.

La herencia germánica está presente en la iglesia de San Xes de Francelos. El análisis de los restos conservados induce a pensar en un edificio con correspondencia de elementos del arte asturiano avanzado, finales del siglo IX, no exento de cierta tradición visigoda. La labra y la estética son claramente asturianas y la aparición de motivos de tipo mozárabe se debe a la influencia ejercida por este estilo en el asturiano final.

Podríamos hablar de una arquitectura de fusión, en la que están presentes la tradición, las influencias externas y la autonomía creativa. De ahí su difícil clasificación. Santa Eufemia de Ambía, Santa María de Mixós o San Adrián de Amiadoso pertenecen a este grupo.

Así, los relieves votivos y restos constructivos de Amiadoso, probablemente del siglo IX, conviven con un hermoso bloque decorativo marmóreo, uno de los mejores ejemplares de la plástica romana en Galicia datado en el siglo IV. En esta época se recurre a la calidad del material para reaprovecharlo en la cara contraria, con la representación de una escena de compleja identificación pero que anuncia, a pesar de la rudeza de sus figuras, la superación de la talla en bisel anterior, en una evolución que se verá confirmada, con la dificultad que la materia prima propone, en los relieves de San Xoán de Camba, ejecutados con un volumen ya decididamente separados del plano del fondo.

No século X, as persoas privilegiadas económica ou socialmente, alardean interesándose polas artes como cuestión de prestixio. O seu labor de mecenado concíbese como instrumento de actuación ligado ao exercicio do poder. Neste contexto sitúanse as fundacións vinculadas coa familia de San Rosendo.

En el siglo X, las personas privilegiadas económica o socialmente alardean interesándose por las artes como cuestión de prestigio. Su labor de mecenazgo se concibe como instrumento de actuación ligado al ejercicio del poder. En este contexto se sitúan las fundaciones vinculadas con la familia de San Rosendo.



Capitel de Santa María de Vilanova dos Infantes

Por un lado, San Martiño de Pazó, na que se conservan dous magníficos arcos de ferradura enmarcados por alfiz abertos nuns paramentos de inusitada altura, construídos agora a regra e escuadro. Coa mesma técnica construtiva, segundo quen aínda puido vela en pé, fabricouse o Mosteiro de Vilanova dos Infantes, fundado por Ilduara, nai de San Rosendo, arredor da década de 930-940. Os restos conservados, dous modillóns de rolos e un capitel, certifican a relación cun fito de referencia na arquitectura peninsular do seu tempo, a capela ou oratorio de San Miguel de Celanova, no que se acusa a inspiración dos modelos califais, nun dos centros monásticos chamado a ser un dos máis poderosos do reino leonés.

As ventás de Santa Catarina de Reza Vella e de San Xoán de Camba, son mostra do gran florecemento monástico do século X e do ambiente artístico que se vive neste territorio, que vai preparar o camiño para a grande expresión románica.

Esta exposición é síntese dun legado histórico de enorme importancia que conservamos e difundimos con orgullo e, transversalmente, unha invitación a visitar na provincia de Ourense estes bens arquitectónicos, hoxe recoñecidos como bens de interese cultural.

Por un lado, San Martiño de Pazó, en la que se conservan dos magníficos arcos de herradura enmarcados por alfiz abiertos en unos paramentos de inusitada altura, contruidos ahora a regla y escuadra. Con la misma técnica constructiva, a decir de quien aún pudo verla en pie, se fabricó el Monasterio de Vilanova dos Infantes, fundado por Ilduara, madre de San Rosendo, alrededor de la década de 930-940. Los restos conservados, dos modillones de rollos y un capitel, certifican la relación con un hito de referencia en la arquitectura peninsular de su tiempo, la capilla u oratorio de San Miguel de Celanova, donde se acusa la inspiración de los modelos califales, en uno de los centros monásticos llamado a ser uno de los más poderosos del reino leonés.

Las ventanas de Santa Catalina de Reza Vella y de San Juan de Camba, son muestra del gran florecimiento monástico del siglo X y del ambiente artístico que se vive en este territorio, que va a preparar el camino para la gran expresión románica.

Esta exposición es síntesis de un legado histórico de enorme importancia que conservamos y difundimos con orgullo y, transversalmente, una invitación a visitar en la provincia de Ourense estos bienes arquitectónicos, hoy reconocidos como bienes de interés cultural.

Principais construcións de época prerrománica en Ourense

Principales construcciones de época prerrománica en Ourense



MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL DE OURENSE

Edificio Santa M^a de Europa

Biblioteca e área técnica

Edificio Santa María de Europa, Rúa Xílgaros s/n., 32002 Ourense

Tlf.: +34 988 788 439. Mail: mapour@xunta.gal

Exposición Escolma de Escultura

Rúa da Granxa. Campo de San Francisco, 32005 Ourense

Tlf.: +34 988 788 417

Horario

De martes a sábados, de 9:00 a 21:00 h.

Domingos, de 9:00 a 15:00 h.

Pechado os luns e festivos oficiais / Cerrado los lunes y festivos oficiales

Depósito legal: OU 313-2025

EXPOSICIÓN TEMPORAL
"ARTE PRERROMÁNICA EN OURENSE"
10/12/2025 - 25/01/2026

CASA DE GALICIA EN MADRID
C. de Casado del Alisal, 8, Retiro, 28014 Madrid

HORARIO:

Luns/Lunes a sábado: 10:00–14:00 h, 16:00–20:00 h

Domingo: 10:00–14:00 h

ENTRADA GRATUÍTA

CONTACTO:

Teléfono: 915 95 42 00

Web: casadegalicia.xunta.gal



**XUNTA
DE GALICIA**

CASA DE
GALICIA
EN MADRID

musarqourense
museo arqueológico provincial de Ourense

